



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09 ext 1206  
Fax: 981 60 24 17



### **REGULAMENTO TIPO DE RÉXIME INTERNO DOS CONSELLOS SECTORIAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

#### **PREÁMBULO**

Arteixo é un Concello cun amplo tecido asociativo en constante crecemento e con diversas e importantes necesidades. A Concellaría de Participación Cidadá nace co obxectivo de suplir esas carencias, escoitar e axudar, na medida das súas posibilidades, a toda a cidadanía do municipio.

Esta Concellaría posúe un Regulamento, aprobado definitivamente pola Corporación Municipal en sesión ordinaria de data trinta e un de xullo de dous mil oito, que revela o compromiso do Concello ante a cidadanía para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios que inspiran a Carta Europea de Salvagarda dos Dereitos Humanos ás cidades.

O dereito á participación, á información, á iniciativa cidadá, a presentar queixas, reclamacións e suxestións, á consulta popular ou referendo, a unha política municipal de fomento do asociacionismo, ou o dereito de reunión, de petición, de audiencia e de intervención nos Plenos Municipais, son os piares do texto que regula esta Concellaría coa vontade de crear e consolidar un sistema de participación adecuado á democracia local que reforce o dereito constitucional á participación nos asuntos públicos proclamado no artigo 23 da Constitución.

Por isto, e en cumprimento do mandato do artigo 70 bis apartado 1 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, o Concello establece e regula, en normas de carácter orgánico, procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación da veciñanza nos asuntos da vida pública local.

Baseándose, ademais no artigo 72 da mesma Lei, que dita que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, facilitándolles a máis ampla información sobre as súas actividades, e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, créanse os Consellos Sectoriais.

O artigo 21, contemplado no Regulamento de Participación Cidadá, manifesta que os Consellos Sectoriais son os órganos de participación que canalizan as iniciativas e inquietudes cidadás en temas concretos de interese para a cidade como, por exemplo, a escola, a cultura, a deporte, o medio ambiente, a mocidade, as mulleres, a xente maior, as persoas con eivas, a cooperación e a solidariedade e outros similares.

Os Consellos Sectoriais terán como finalidade a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. Todos os órganos de participación desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Consello.

#### **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.**

##### **ARTIGO 1.- Creación e natureza.**

Créase o Consello Sectorial das Asociacións ..... do Concello de Arteixo, coas atribucións, estrutura e funcionamento determinados no presente regulamento.

Os Consellos sectoriais son os órganos da Concellaría de Participación Cidadá que canalizan as iniciativas e inquietudes cidadás en temas concretos de interese para a comunidade e teñen as mesmas funcións que o Consello Xeral de Participación Cidadá, aínda que limitadas ao seu sector concreto de actividade.

O Consello Sectorial das Asociacións ..... é un instrumento de carácter consultivo e informativo, adscrito á Área de ....., a través do cal se regula a participación dos colectivos ..... rexistrados no municipio.

##### **ARTIGO 2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.**

As funcións a desenvolver polo Consello circunscríbense territorialmente ao termo municipal de Arteixo.

Terá a súa sede administrativa nas dependencias da Casa do Concello de Arteixo.

#### **CAPÍTULO II: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.**

##### **ARTIGO 3.- COMPOSICIÓN.**

1. O Consello Sectorial será presidido pola Alcaldía ou Concellaría na que se delegue, e a Vicepresidencia deberá recaer na Concellaría de Área ou Concellaría na que se delegue.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09 ext 1206  
Fax: 981 60 24 17



### 2. Formarán parte:

- Un representante por cada un dos grupos políticos que forman a Corporación.
- Un representante por cada unha das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións relacionadas co sector. As asociacións ou entidades ás que corresponda a designación de representantes designaranse no acordo municipal de creación do Consello.
- Un funcionario/a municipal en calidade de secretario/a, con voz e sen voto.

### ARTIGO 4.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS.

Dentro dos trinta días seguintes á publicación do presente Regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, as asociacións e entidades interesadas, dirixiranse ao Presidente do Consello, solicitando a súa incorporación ao mesmo indicando o nome dun candidato titular e outro suplente por entidade, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello. O nomeamento dos representantes políticos do Consello efectuarase, segundo o prazo que para os efectos se estableza, mediante Resolución da Alcaldía previa proposta dos grupos municipais correspondentes.

### ARTIGO 5.- CONSTITUCIÓN DO PLENARIO.

O Plenario do Consello quedará constituído no lugar e hora que se convoque cando asistan, polo menos, a metade máis un dos seus integrantes. Caso de non terse o quórum necesario, reunirase media hora despois, sendo en dito caso necesaria a asistencia de, cando menos, unha terceira parte dos compoñentes do Plenario.

### ARTIGO 6.- O/A PRESIDENTE/A.

Correspóndelle á Presidencia:

1. Ostentar a representación do Consello.
2. Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, os pedimentos que os demais membros formulen coa suficiente antelación.
3. Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
4. Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
5. Asegurar o cumprimento das leis.
6. Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

En caso de vacante, ausencia, enfermidade e outra causa legal, a Presidencia do Consello será substituída pola Vicepresidencia.

### ARTIGO 7.- DEREITOS E OBRIGAS DOS MEMBROS DO CONSELLO SECTORIAL.

Os membros do Consello teñen os seguintes DEREITOS:

- 1- Recibir, cunha antelación mínima de setenta e dúas horas para o Plenario, a convocatoria coa orde do día da xuntanza. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros en igual prazo.
- 2- Participar nos debates das sesións.
- 3- Exercer o seu dereito ao voto.
- 4- Presentar mocións e suxestións para a adopción dos acordos e formular rogos e preguntas.
- 5- Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

Son OBRIGAS dos membros do Consello:

- a) Gardar sixelo e reserva en relación ás actuacións do Consello, naqueles casos concretos que o Plenario así o acorde pola natureza do asunto.
- b) Adecuar a súa conduta ao presente Regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, dite o Plenario.

Non facer uso da súa condición de membro de dito Consello, para actividades alleas ao mesmo.

A asistencia ás reunións do Consello non ocasionará ningunha retribución e os gastos correrán a cargo da asociación ou entidade á que representen.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09 ext 1206  
Fax: 981 60 24 17



### ARTIGO 8.- RENOVACIÓN DE MEMBROS

A renovación dos membros do Consello terá lugar cada legislatura municipal. Sen prexuízo do anterior, os representantes das asociacións e entidades poderán cesar na súa representación nos casos previstos no artigo 9 do presente texto.

As asociacións do sector que se constituán con posterioridade á constitución do Consello, deberán solicitar a súa integración no mesmo, no caso de estaren interesadas e unha vez dadas de alta no Rexistro Municipal. Como norma xeral, as novas incorporacións produciranse no momento de renovación dos membros do Consello, que consonte ao disposto no presente artigo terá lugar transcorrida a legislatura municipal.

Non obstante, o Consello poderá aceptar a integración dos representantes das citadas asociacións con anterioridade ao transcurso de dito prazo, previo debate do Plenario, que tratará a nova incorporación na 1ª sesión a celebrar despois da presentación do pedimento ao órgano. Neste suposto, os representantes de ditos colectivos entrarán a formar parte do Consello a partir da seguinte convocatoria.

### ARTIGO 9.- CESAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO.

Os membros do Consello Sectorial cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por expiración do prazo do seu mandato, ou disolución da entidade á que representa.
- b) Por acordo do órgano competente da organización ou entidade á que represente.
- c) Por renuncia aceptada polo órgano competente da organización ou entidade á que represente.
- d) Por falecemento.
- e) Por incapacidade ou inhabilitación xudicial.

En todos os casos, o cesamento deberá ser comunicado por escrito pola entidade ou organización afectada, dirixido á Presidencia do Consello e contendo, á súa vez, o nome do novo representante da mesma.

### ARTIGO 10.- CONVOCATORIA DAS SESIÓNS.

A convocatoria das sesións efectuarase pola persoa Secretaria por orde da Presidencia, e conterá a orde do día, lugar, data e hora da reunión.

As citacións dos membros do Plenario deberán ser recibidas cunha antelación mínima de setenta e dúas horas.

### ARTIGO 11.- FUNCIONAMENTO.

O Consello Sectorial reunirse unha vez cada tres meses e tantas veces como sexan convocados pola Alcaldía ou por 1/3 dos seus membros.

Poderá asistir ás sesións, con voz pero sen voto, calquera outra asociación, entidade, colectivo ou persoa, previa aprobación acordada por maioría.

### ARTIGO 12.- FUNCÍONS.

Son competencias do Consello Sectorial:

1. Fomentar a participación e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
2. Fomentar a participación directa das asociacións na elaboración dos orzamentos municipais, establecendo para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das súas actividades.
3. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual entre asociacións.
4. Informar ao municipio dos diferentes programas e actuacións que se dirixan ao colectivo correspondente.
5. Elaborar propostas relativas ao ámbito de actuación do mesmo.
6. Solicitar información, previo pedimento razoado, dos temas de interese para o Consello.

### ARTIGO 13.- ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes, dirimindo os empates a Presidencia co seu voto de calidade.

Con carácter xeral, as votacións serán a man alzada.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09 ext 1206  
Fax: 981 60 24 17



Poderán ser secretas cando algún membro do pleno así o solicite expresamente. Neste caso someterase a consulta esta forma de votación, debendo contar co respaldo da maioría absoluta dos asistentes ao pleno.

Os informes e acordos do Consello non terán carácter vinculante, debendo ser aprobados polo Pleno Municipal para seren firmes, de acordo coa lexislación vixente.

### ARTIGO 14.- ACTAS.

1. De cada sesión que celebre o órgano colexiado redactarase unha acta pola persoa secretaria, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así coma o contido dos acordos adoptados.
2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala a Presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.
4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poida derivarse dos acordos.
5. As actas aprobaranse na seguinte sesión do Consello, podendo no en tanto emitir a persoa secretaria certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación do acta.
6. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

### **CAPITULO III: REFORMA DO REGULAMENTO**

Calquera proposta de reforma do presente Regulamento deberá ser presentada, a través da Presidencia do Consello, para a súa elevación ao Plenario, a quen corresponde, en caso de ser aprobada, elevala ao Pleno Municipal.

As propostas de reforma do Regulamento deberán ser aprobadas por maioría de dous tercios dos membros do Plenario do Consello e entenderanse incorporadas ao mesmo desde o momento da súa aprobación polo Pleno Municipal.

### **CAPÍTULO IV: DISOLUCIÓN**

A disolución do Consello Sectorial corresponderalle ao Pleno do Concello cando concorran as seguintes circunstancias:

- 1.-Ineficacia do órgano.
- 2.-O non cumprimento dos obxectivos para os que foi constituído.
- 3.-O acordo de disolución do mesmo por maioría absoluta dos seus membros.

### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

- 1- Para o non previsto no presente Regulamento será de aplicación o establecido na lexislación de réxime local e no Regulamento orgánico municipal para o funcionamento do Pleno, así coma aquela outra regulamentación de carácter autonómico, estatal ou comunitario que para o efecto se puidese aprobar.
- 2- Este regulamento entrará en vigor aos vinte días da súa publicación completa no boletín oficial da provincia e tramitarase de acordo co procedemento establecido no art. 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.